

## Xavier Alcalá: «A ficción entra nos espazos onde a historia oficial non chega»

[María Viñas](#) Redacción / La Voz

«Comandantes e familiares», segunda entrega da «Triloxía dos mayimbes», mergúllase na vida íntima da Revolución a través dunha galega na Habana

09 ago 2025

[https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/cultura/2025/08/09/span-langgl-ficcion-entra-espazos-spanspan-langglonde-historia-oficial-non-chegaspan/0003\\_202508E9P33994.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/cultura/2025/08/09/span-langgl-ficcion-entra-espazos-spanspan-langglonde-historia-oficial-non-chegaspan/0003_202508E9P33994.htm)

[Tras A capital do mundo](#), Galaxia publica agora **Comandantes e familiares**, segunda das novelas de **Xavier Alcalá** (Miguelturra, Ciudad Real, 1947) baseadas na epopea da emigración. A nova entrega da saga **Triloxía dos mayimbes** segue os pasos de Nieves Docampo, unha coruñesa que, logo de varias estadías en Nova York, queda atrapada nos remuíños da Revolución cubana. Ferven as rúas da Habana, e neste contexto é no que a galega, desexosa de afecto, pero tamén testemuña crítica, acepta casar cun dos seus pretendentes, un prestixioso cardiólogo convertido en «imprescindible» para o novo sistema político. Esa unión marca a súa entrada nun mundo de privilexios e acceso reservado, o dos altos cargos —os *mayimbes*—, os comandantes que foron guerrilleiros e agora constrúen o novo Estado socialista cubano.

—«Comandantes e familiares» abre o camiño cara a «Tempo de fugas». Que papel xoga esta novela dentro da «Triloxía dos mayimbes»?

—É o elo central, o que mergulla o lector directamente nas entrañas do poder revolucionario cubano. Se *A capital do mundo* nos levaba ata Nova York e mostraba a vida dun emigrante galego na metrópole capitalista, aquí a protagonista queda atrapada no mundo oposto: o socialismo tropical, con todas as súas contradicións. *Comandantes e familiares* amosa como a Revolución tamén se humaniza, ou se descompón, nas relacións de familia, de confianza, de conveniencia.

—É a protagonista a chave para comprender a trama?

—Sen dúbida. Nieves é o fío que entretece as tres novelas. Non é unha heroína ao uso, senón unha muller que observa, que sofre e que actúa segundo as súas conviccións. Ten unha capacidade rara de adaptarse sen renunciar a si mesma. No fondo, é unha emigrante que non deixa de ser galega, e iso dálle un punto de vista diferente, libre, incómodo mesmo para os que a rodean.

**—Que atopou no ambiente revolucionario cubano que lle interesase tanto para ambientar nel unha novela enteira?**

—Fascíname ese contraste entre a utopía proclamada e a realidade humana. A Revolución cubana está chea de xestos heroicos, pero tamén de arrogancia, de medo, de privilexios disfrazados. A novela penetra nese mundo dos *mayimbes*, que é como lles chaman aos altos cargos, e tamén nas redes familiares e afectivas que os rodean. Porque os comandantes, por moi revolucionarios que sexan, tamén teñen irmáns, fillos, parellas... E esas relacións condicionan o poder.

**—Hai personaxes históricos retratados na novela: os irmáns Castro, Celia Sánchez, o Che Guevara... Como foi o proceso de documentación?**

—Moi intenso. Recibín o relato dunha señora que viviu en Cuba entre 1957 e 1970, consultei todo tipo de documentación e contrastei con testemuñas. Quixen que os personaxes soasen reais, sen idealización nin demonización. É literatura, si, pero feita a carón da historia. Cada diálogo, cada xesto, está documentado ou inspirado en feitos reais. A ficción axuda a entrar nos espazos onde a historia oficial non chega. Os estudosos da historia contemporánea dan gran valor á contada polos espectadores dela.

**—A novela non cae no panfleto nin tampouco na nostalxia. Foi un reto manter ese equilibrio?**

—Foi un reto necesario. Non me interesa escribir para confirmar ideoloxías, senón para contar o que viviu unha persoa concreta, desde a súa verdade. A Revolución cubana pode ser inspiradora e terrible ao tempo. A través de Nieves vemos iso: o entusiasmo, a decepción, o acomodamento, a esperanza que se gasta. E, sobre todo, a vontade de non deixar de pensar libremente.

*Comandantes e familiares* retrata unha sociedade en transformación, desde os círculos políticos ata a vida cotiá nas mansións incautadas, nos hospitais revolucionarios ou nas festas discretas da nomenklatura. O lector accede aos bastidores do poder e ás redes paralelas de confianza, sempre a través da ollada dunha muller que non esquece quen é nin de onde vén. Tamén desde esa ollada descobre o papel feminino dentro do proceso revolucionario: seres obedientes ou rebeldes, comprometidos ou decepcionados, visíbeis ou silenciados.

**—O título suxire unha mestura de política e intimidade. É ese o corazón do libro?**

—Exactamente. Quixen mostrar como os que dirixen os destinos dun país tamén están atravesados polas lealdades privadas, polos silencios familiares e medos domésticos. Ás veces, é máis revolucionario un amor ca unha proclama, ou máis destrutivo un segredo familiar ca un inimigo político.

**—Que reacción espera dos lectores ao descubrir esta historia ambientada nunha Habana tan pouco tónica?**

—Espero que vexan que a historia de Galicia está moito máis entrelazada coa do mundo do que ás veces cremos. Esta novela fala de Cuba, si, pero tamén dos *habaneiros* emigrados e retornados. E, coidado, que entre os *mayimbes* tamén había galegos. Moitos dos que fuxiron ou regresaron pasaron por esas redes do poder. Ao final, todo emigrante leva consigo a súa terra, mesmo cando a vida o arrastra a situacións tan extremas coma a Revolución, inicialmente contra o tirano Batista e despois base dun sistema totalitario.

**—Pode adiantar algo de «Tempo de fugas»?**

—Só direi que a palabra *foxida* é literal. Chega o tempo do desencanto absoluto e as decisións irreversibles: cómpre marchar en masa.